

SUPOSTO PRÁCTICO 1 (galego)

Lorenzo Pérez, graduado en Informática pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten pensado cursar o título oficial de Máster Universitario en Seguridade Informática e Recompilación de Datos, tamén na USC. Ademais, cursou estudos parciais noutras universidades: na Universidade de Valencia superou unicamente algunhas materias de formación básica de primeiro ano do Grao en Xornalismo e na Universidade Alfonso X O Sabio ten tres materias de formación básica aprobadas do Grao en Intelixencia Artificial. No Suplemento Europeo ao Título do Grao en Informática da USC figuran estes créditos recoñecidos e transferidos.

A irmá de Lorenzo, Luisa, está interesada en presentarse a unhas probas selectivas para obter unha praza de funcionaria de carreira na escala administrativa, subgrupo C1, da USC. Luisa ten recoñecido un grao de discapacidade do 42%.

A semana anterior a aquela na que está previsto realizar as devanditas probas selectivas, detectouse unha avaría importante na impresora coa que se ían a imprimir os exames, o cal obrigou a tramitar a compra urxente dunha nova impresora para poder seguir co proceso selectivo.

CUESTIÓNS:

1. Que diferenza existe entre os créditos recoñecidos e os créditos transferidos que figuran no Suplemento Europeo ao Título de Lorenzo?
2. Cantos créditos podería ter o Máster en Seguridade Informática e Recompilación de Datos e en que tipos de actividades académicas se distribuirían estes créditos?
3. Por que cota podería presentarse Luisa ás probas selectivas e que requisitos se lle esixirían para iso?
4. Obtida praza e logo da toma de posesión, a que retribucións tería dereito Luisa? Explicar como se clasifican as devanditas retribucións.
5. Segundo a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, Cales son as normas que constitúen o réxime xurídico ao que se vería sometida Luisa?
6. Segundo a clasificación económica do gasto establecida no Regulamento de Xestión Orzamentaria da USC, a que tipo de gasto correspondería a adquisición dunha nova impresora?
7. A través de que medio podería presentar Luisa a súa solicitude para participar no proceso selectivo?
8. De que duración será o Traballo Fin de Máster incluído no plan de estudos do máster que quere estudar Lorenzo?
9. Superado o proceso selectivo e despois da toma de posesión na súa praza, a Universidade comunícalle a Luisa que debe pasar un exame médico no Servizo de Vixilancia da Saúde da USC. Explique se está obrigada Luisa a realizar a revisión médica que se lle esixe.
10. No caso de que Luisa non estivese de acordo con pasar o recoñecemento médico esixido pola Universidade, como debería proceder Luisa?

SUPOSTO PRÁCTICO 2 (galego)

María Pérez, é funcionaria de carreira desde hai dous anos na escala administrativa de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela (USC), prestando actualmente servizos como responsable de asuntos económicos na Facultade de Farmacia.

María vai contraer matrimonio con Alberto, profesor titular da USC e investigador principal dun proxecto de investigación financiado con axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Xunta de Galicia.

María e Alberto teñen un fillo en común, Raúl, de 12 anos. Ademais, María Pérez ten unha irmá ao seu cargo, Lola, quen ten recoñecida unha discapacidade do 48% e cursa estudos de doutoramento.

O futuro cuñado de María, Jaime Sánchez, de 52 anos e nado en Bilbao quere iniciar os seus estudos de doutoramento na USC. Jaime é Diplomado en Relacións Laborais (nivel 2 do MECES con 201 créditos superados) e ten superados 102 créditos da Licenciatura en Técnicas Estatísticas.

Cando se dirixía Jaime a obter información sobre os estudos de doutoramento tropezou nas escaleiras da Oficina de Información Universitaria (OIU) e, como consecuencia das lesións, tivo que ser ingresado no hospital. Seis meses despois da caída, Jaime presenta a través da sede electrónica da USC unha solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial.

CUESTIÓNS:

1. Tería María dereito a algún tipo de permiso ou licenza por matrimonio? e, en caso afirmativo, cal sería a súa duración?
2. A que situación administrativa podería ter dereito María para atender á súa irmá?
3. Podería Alberto solicitar unha redución de xornada para o coidado do seu fillo Raúl?
4. Alberto recibiu a través do portasinaturas unha factura para asinar a súa conformidade coa mesma. A que fase do procedemento de gasto se corresponde a sinatura desta factura?
5. Que porcentaxe mínima de reserva de prazas para persoas con discapacidade deberon ofertarse no seu momento pola USC no programa de doutoramento no que estuda e investiga Lola?
6. Cal sería a duración máxima dos estudos de doutoramento que cursa Lola?
7. Cumpre Jaime os requisitos de acceso a un programa oficial de doutoramento?
8. Presenta Jaime a reclamación de responsabilidade patrimonial en prazo?
9. No caso de que a devandita solicitude de reclamación carecese dalgúns dos requisitos indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, podería requirirse a súa emenda ao interesado?
10. Unha vez ditada a resolución, a USC envíalle a Jaime unha notificación electrónica. Transcorrido 1 mes desde a posta a disposición Jaime non accedeu á mesma. Que prazo tiña para acceder e que consecuencias ten non facelo?

SUPOSTO PRÁCTICO 3 (galego)

Miguel Pérez tomou posesión como profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela (USC) con docencia na Facultade de Dereito a tempo completo na que, ademais, ocupa o cargo de Vicedecano de Relacións Institucionais e Protocolo.

Con motivo da celebración do día de San Raimundo de Peñafort, patrón da Facultade, organízase unha festa. Na devandita festa entregaránselle unhas flores aos convidados, cuxo custo estimado ascende a 1.260 euros. Na partida de gastos correntes da facultade existe crédito, mentres que na de atencións protocolarias non o hai.

Antía, filla de Miguel Pérez de 14 anos, sofre unha enfermidade grave que implica hospitalización a domicilio, requirindo a necesidade de coidado directo, continuo e permanente. O coidado de Antía está a cargo de Ana, a muller de Miguel, que non traballa e cursa estudos no Grao en Matemáticas da USC. Na materia “Matemáticas II”, con 100 alumnos matriculados, Ana obtivo unha cualificación de 8,94, sendo a quinta mellor cualificación da materia, polo que o profesor responsable lle outorgou matrícula de honra.

Ante a imposibilidade de asistir a clase pola atención e coidados que precisa Antía, Ana está a considerar realizar unha consulta ao centro onde estuda para que lle informen doutras opcións posibles, e desta forma non perder docencia nas materias das que está matriculada. Para iso, existe un procedemento previsto na Sede electrónica denominado “Outras peticións”. Porén, Ana decide finalmente acudir en persoa a unha oficina de asistencia en materia de rexistro da USC e presentar o escrito de consulta asinado da súa propia man.

CUESTIÓNES:

1. Que requisitos fixa a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) para que Miguel poida acceder ao corpo de profesores titulares de universidade?
2. Pode Miguel acollerse a unha redución de xornada retribuída para atender ao coidado da súa filla Antía?
3. Á luz do Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, está correctamente outorgada a matrícula de honra a Ana na materia de “Matemáticas II”?
4. Indicar o número de créditos de formación básica que deberá ter o Grao en Matemáticas.
5. Que número de horas lectivas terá asignado Miguel para o próximo curso académico?
6. Como se debería actuar orzamentariamente para poder comprar as flores?
7. Que tipo de contrato dos previstos na normativa de contratación do sector público sería necesario realizar para a adquisición das flores?
8. Atendendo ao custo das flores, cal sería o procedemento de contratación que podería levar a cabo?
9. En relación coa consulta que pretende realizar Ana, cal son as modalidades posibles de docencia en estudos oficiais de Grao e a súa definición prevista no Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de garantía da súa calidade?
10. Foi correcto o modo de proceder de Ana acudindo en persoa á oficina de rexistro para presentar o escrito de consulta?